

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA**TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA (SALA DO SOCIAL)***EDICTO (RSU 4616/2015).*

M^a Asunción Barrio Calle, letrada da Administración de xustiza da Sección número 1 da Sala Segunda do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, fai saber que no procedemento recurso suplicación 4616/2015 desta Sección, seguido por instancia de Pilar Fernández Fernández contra Roberto Correa Abollo sobre reclamación de cantidade, se ditou a seguinte resolución:

«Que, con desestimación do recurso interposto por Pilar Fernández Fernández, confirmamos a sentenza que con data do 21.9.2015 foi ditada en autos tramitados polo Xulgado do Social número 4 de Vigo, e pola que se estimou en parte a súa demanda contra a empresa Roberto Correa Abollo.

Modo de impugnación: fáiselles saber ás partes que contra esta sentenza cabe interpor recurso de casación para unificación de doutrina, que se debe preparar mediante escrito presentado ante esta Sala dentro do improrrogable prazo de dez días hábiles inmediatos seguintes á data da notificación da sentenza. Se o recorrente non ten a condición de traballador ou beneficiario do réxime público de seguridade social, deberá efectuar:

– O depósito de 600 € na conta de 16 díxitos desta Sala, aberta no Banco de Santander (Banesto) co nº 1552 0000 37, seguida de catro díxitos correspondentes ao nº do recurso e dous díxitos do ano.

– Así mesmo, se hai cantidade de condena, deberá consignala na mesma conta, pero co código 80 en vez do 37 ou ben presentar aval bancario solidario en forma.

– Se o ingreso se fai mediante transferencia bancaria desde unha conta aberta en calquera entidade bancaria distinta, haberá que emitila á conta de vinte díxitos 0049 3569 92 0005001274 e facer constar no campo “Observacións ou Concepto da transferencia” os 16 díxitos que corresponden ao procedemento (1552 0000 80 ou 37 **** ++).

Así, por esta nosa sentenza, pronunciámolo, mandámolo e asinámolo».

E para que sirva de notificación en legal forma á empresa Roberto Correa Abollo, en ignorado paradoiro, expido este edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*.



Advírtese o destinatario de que as seguintes comunicacións se farán fixando copia da resolución ou da cédula no taboleiro de anuncios da oficina xudicial, agás no suposto da comunicación das resolucións que sexan autos ou sentenzas, ou cando se trate de emprazamento.

A Coruña, 30 de maio de 2016

A letrada da Administración de xustiza

CVE-DOG: 2apqjqm0-7ts9-uqq7-ksk1-yfm60btqnpc4

